



CONSORCIO DE  
SANTIAGO

Newsletter

Galego\_ Marzo 2020

REHABILITACIÓN |

## Rematan as obras de mantemento na igrexa de San Caetano

O Consorcio de Santiago rematou as obras de mantemento da igrexa de San Caetano, por un importe global de 19.758,63 euros. Renovouse a pintura exterior das catro fachadas e do corpo central da igrexa. Ademais, realizouse unha limpeza da pedra da fachada principal co campanario e as esquinas. E levouse a cabo a renovación do tellado da esquina noroeste coa introdución dun lucernario en substitución da vella uralita translúcida.



## Vaise intervir na cuberta da Corticela

O Consorcio vai realizar obras na capela da Corticela da catedral de Santiago para eliminar as goteiras na súa cuberta. Co obxecto de erradicar as humidades que se producen na actualidade por fallos na estanquidade, e que están a provocar danos tanto nas fábricas como no interior do inmobile, propónse a reposición da cuberta con tella cerámica.



PUBLICACIÓNS |

## A cidade de Santiago na primeira metade do século XVII

O Consorcio de Santiago e Teófilo Edicións sacan á luz *La ciudad de Santiago de Compostela según los hermanos Juan y Pedro Fernández de Boán (ca. 1633-1646)*, unha publicación de Miguel Taín. O autor transcribe e analiza un manuscrito de gran valor histórico que amosa como era a cidade de Santiago na primeira metade do século XVII, antes das grandes transformacións arquitectónicas emprendidas no Barroco.

MÚSICA |

## Intensa actividade da RFG en abril con oito concertos

A Real Filharmonía de Galicia ten previsto celebrar oito concertos en abril, sempre que non se prorrogue o estado de alarma. O día 2 en Santiago e o 3 en Vigo regresará Paul Daniel, cun programa homenaxe a Beethoven e co violinista Matthieu Arama. Seguindo coa celebración do 250 aniversario do compositor alemán, haberá dous didácticos os días 16 e 17 e un familiar o 19 titulado "O Grande Bethoven"; un encargo especial da RFG ao Servizo Educativo da Casa da Música de Porto. Paul Daniel dirixirá a "Sétima sinfonía" de G. Mahler, orquestrada por Joam Trillo, o 23 en Santiago, o 24 en Vigo e o 25 tamén en Santiago dentro do ciclo "Descubre unha orquestra para ti, a túa".



O violinista Matthieu Arama

## Está aberto o prazo para inscribirse no CAEO e no CEI

O 28 de maio remata o prazo para inscribirse no Curso Avanzado de Especialización Orquestral 2020-2021 da Escola de Altos Estudos Musicais, con 18 prazas nas diferentes especialidades: 6 para violín, 2 para viola, 2 para violoncello e 1 para contrabaixo, óboe, frauta, clarinete, fagot, trompa, trompeta e percusión. E o 31 de maio finaliza o prazo para inscribirse no Curso de Especialización Instrumental, dirixido a estudantes de grao medio ou superior. Nos dous casos, as solicitudes deberán presentarse a través da web da Escola -[www.eaem.es](http://www.eaem.es)-.

